

Autora: **PAULA CARBALLEIRA**
Ilustradora: **CAROLE HÉNAFF**

Encadernado en cartonné
64 páxinas a toda cor. 15x23,5 cm.

Dispoñible en:


- Galego: "Smara". ISBN 978-84-8464-549-8. Seteleguas
- Castelán: "Smara". ISBN 978-84-96388-14-7. Sieteleguas
- Portugués: "Smara". ISBN 978-972-8781-77-4. Livros para Sonhar

Prezo: 12 €

SMARA

- ◆ PREMIO 'ISAAC DÍAZ PARDO' AO LIBRO MELLOR ILUSTRADO 2006
- ◆ SELECCIÓN 'THE WHITE RAVENS' 2007

Se algún día viaxas ao deserto, busca a cidade con aroma a cravo e fume, a perfume de muller. As súas noites están tapizadas de estrelas e gardadas por dunas de area fina. Se algún día viaxas ao deserto pregunta pola Avoa Ugago, a dos cabelos brancos. Se tes a sorte de atopala, pídelle que che conte as historias que garda na súa memoria. Ela sabe os contos máis fermosos, e tamén os máis terribles. Ela garda os segredos do Sahara e quererás oír a súa voz durante toda a noite: alí, na cidade de Smara.



- **Temática:** deserto, viaxes, lendas
- **Idade recomendada:** 8 anos
- **Aspectos destacables:** o relato e as ilustracións envolven o lector nunha atmosfera de maxia e misterio
- **Aplicacións:** coñecer o deserto, o seu clima, vexetación, o estilo de vida e costumes dos seus habitantes

Smara é a historia da viaxe dun neno a un lugar do deserto do Sahara. Alí coñece á Avoa Ugago, que fora unha poderosa maga, capaz de protexer a cidade dos intrusos. Ela cóntalle historias do seu pobo, os chamados Fillos das Nubes. Trátase dun relato cheo de maxia e misterio, que fala dunha cultura lendaria, forxada na area do deserto. Paula Carballeira descríbese como "unha aposta pola melancolía, cun certo lirismo, unha especie de reivindicación da tristura que nos fai crecer por dentro".

Carole Hénaff reflexou o aspecto rústico dos pobos do deserto con ilustracións elaboradas con collage ou acrílicos sobre madeira, destacando a textura dos materiais e utilizando cores vivas, tan típicas das teas, as cerámicas, as especias... A súa inspiración provén da experiencia persoal, tras varias viaxes a Marrocos que deron lugar a fermosos cadernos repletos de debuxos nos que plasmou as sensacións de "impresión e respecto" que lle infundiou o Sahara.

As súas ilustracións transportánnos a un mar de area, onde a vista se perde no horizonte e o tempo parece terse parado. As dunas nunca son iguais, parecen cobrar vida coa luz do sol, que acentúa as sombras das súas curvas e transforma as cores a medida que pasan as horas. "E malia estar só no medio desa inmensidade, síntese unha presenza... a do silencio", explica Carole Hénaff. O resultado é un traballo sublime e sinxelo, cun toque surrealista e misterioso.

PAULA CARBALLEIRA (Fene, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Completou a súa preparación no eido artístico con cursos de interpretación, técnicas de actor e expresión corporal. Como contacontos, faceta á que se adica dende 1994, traballou en programacións culturais en Galicia e no resto de España, Portugal, Brasil e Chile, entre outros países. Na súa traxectoria como actriz está vinculada ao grupo de teatro Berrobambán; tamén participa en series de ficción para a Televisión de Galicia. Un dos seus últimos proxectos é a montaxe teatral infantil "A cabana de Babaigá", do Centro Dramático Galego. Como autora de literatura infantil e xuvenil publicou unha decena de títulos, entre os que destacan "Mateo" e "Paco", en KALANDRAKA.

CAROLE HÉNAFF (Francia, 1973)

Pasou os seus primeiros anos en París, onde estudou filosofía e literatura teatral, ata que en 1994 se trasladou a Barcelona. Alí decantouse pola ilustración, as artes gráficas e a animación por ordenador. Entre 1999 e 2003 traballou no Estudio Peret de deseño, comunicación e creatividade. En 2004 creou o seu propio estudio de deseño, no que realiza traballos de publicidade, ilustración de portadas de libros, revistas e carteles. Outra das súas facetas creativas son os cadernos de viaxe. A súa obra expúxose en varias salas de Barcelona.